




# MIRADOIRO DA PEDRA PINTA

Adela Leiro, Mon Daporta  
xuño 2018



**Distancia:** 2,66 km (lineal, ata o cume)  
**Dificultade:** baixa



Un pequeno percorrido, nun dos cumes da serra do Galiñeiro, que se pode facer a pé ou cun vehículo. De interese paisaxístico, xeolóxico e etnográfico.

## PERCORRIDO

Na estrada de Vincios a Porriño xusto ao pé da capela de San Cosme hai un cruzamento do que sae á dereita a estrada que vai a Erville, ten un indicador turístico da Capela da Virxe das Neves. Nuns 800 m chegamos a Erville onde xa non aparece ningún sinal pero rodeando por un ou outro lado o cume que aparece detrás da localidade, mellor deixándo á esquerda, subimos, sen perda, ao aparcamento que hai abaixo da **ermida da Virxe das Neves** construída, como tantas outras, nun cume para cristianizar un lugar de culto prehistórico. Desde o aparcamento camiñamos ata o cume coroado, por unha cruz e unha antena ao pé da que se atopa o miradoiro.

O cume da **Pedra Pinta** cos seus máis de 500 m de altura é un fermoso balcón sobre a Depresión Meridiana que mira: cara ao leste, ás Gándaras, o val do Louro os montes de Budiño a serra do Galleiro e ao fondo as distintas serras da Dorsal entre a Paradanta e o Cando nos lindes entre as provincias de Pontevedra e Ourense; cara ao sur as serras portuguesas alén do Miño e o Aloia; e o Galiñeiro ao oeste; e se camiñamos un pouco cara ao monte da Fonte do Pobo e ao

Galiñeiro descubrimos os montes dos arredores de Vigo, o mar, e as serras que separan as rías -O Morrazo, o Castrove e A Barbanza-. O lugar tamén é punto de partida para percorridos pola serra do Galiñeiro Un lugar privilexiado e un sitio para visitar en distintas horas do día porque pola mañán o contraluz do sol estraga as panorámicas do leste, ao mediodía as do sur, e pola tarde temos o sol en contra nas vistas cara ao oeste.

O Galiñeiro Sur ou Arruído




Vista cara ao monte Aloia e o val do Louro, coas serras de Portugal ao fondo



Vista cara ao monte Aloia



Alto da Fonte do Pobo (654 m)





Capela da Virxe das Neves



Vista da cara leste da serra do Galiñeiro co monte Aloia ao fondo á esquerda



Vista pola mañán cara á depresión de Porriño, cos montes de Budiño e as serras da Dorsal Galega e Portugal ao fondo